

Poboación

Poboación de Galicia e España a 1 de Xaneiro de 2023



	Poboación a 1 de Xaneiro de 2023	Poboación a 1 de Xaneiro de 2022	Saldo			
			Vexetativo	Migratorio exterior	Migratorio interior	Saldo total
Galicia	2.699.424	2.692.825	-20.501	25.867	1.384	6.599
España	48.085.361	47.486.727	-135.166	727.005	0	598.634

Fuente: INE / Datos definitivos

facilitados polo INE sobre a evolución da poboación a 01.01.2023 se producise un aumento de preto de 6.600 persoas (o 0,25%). Este incremento ven dado de xeito sobranceiro polo aumento da migración exterior, que foi quen de compensar un saldo vexetativo (nacementos - defuncións) negativo superior ás -20.500 persoas, dato que supera negativamente os dos dous anos de pandemia precedentes. O saldo vexetativo galego foi o maior de todas as Comunidades autónomas en termos absolutos, e o segundo en termos relativos, superado tan só polo dato de Asturias.

O incremento de poboación en España ficou por riba das 598.600 persoas (o 1,26%). Dito incremento débese tamén ao forte aumento do saldo migratorio exterior, que superou en preto de 600.000 persoas ao saldo de 2021, mentres que o saldo vexetativo diminuíu en máis de -100.000 por terceiro ano consecutivo, e foi o segundo saldo máis negativo dos últimos anos tras o saldo vexetativo rexistrado en 2020.

Produto interior bruto



Variación interanual porcentual do PIB (índices de volume encadeados, referencia ano 2015=100. Datos corrixidos de estacionalidade e calendario) Galicia-España 2017-2023

	(T/T-4) %	2017	2018	2019	2020	2021	2022	1T17	2T17	3T17	4T17	1T18	2T18	3T18	4T18	1T19	2T19	3T19	4T19	1T20	2T20	3T20	4T20	1T21	2T21	3T21	4T21	1T22	2T22	3T22	4T22	1T23	2T23	3T23
Galicia		2,0	3,0	1,1	-8,9	7,6	4,1	1,5	2,1	2,1	2,2	2,9	3,5	2,4	3,3	2,3	1,0	0,6	0,7	-4,6	-18,5	-6,5	-6,0	-0,8	18,8	6,9	6,9	6,6	5,9	2,8	1,5	3,4	1,5	0,8
España		3,0	2,3	2,0	-11,2	7,0	5,8	2,6	3,2	3,0	3,0	2,6	2,2	2,1	2,2	2,4	2,2	1,9	1,5	-4,6	-21,7	-9,2	-9,2	-3,6	19,4	5,1	7,0	6,8	7,2	5,4	3,8	4,1	2,0	1,9

Fuente: INE (Contabilidad Nacional Trimestral) / IGE

O PIB galego no terceiro trimestre de 2023 medrou en 0,7 puntos porcentuais respecto do segundo trimestre e ficou en 0,8 puntos en termos interanuais. O PIB en España para o mesmo período medrou en 0,3 puntos porcentuais respecto do trimestre anterior, tal e como se previra. En termos interanuais, a variación do PIB español se sitúa no 1,9%.

O Gráfico 1 amosa a evolución da variación porcentual do PIB interanual e reflicte a magnitude do impacto da pandemia na actividade económica galega e española. Con todo, e por terse producido variabilidades extremas trimestre a trimestre que dificultan a interpretación da evolución do PIB, engadimos o Gráfico 2, que recolle a evolución do índice de volume encadeado en termos absolutos, o cal aporta unha mellor perspectiva á hora de analizar a evolución do volume de actividade das economías galega e española antes, durante e despois da pandemia. Logo das últimas actualizacións das series de datos de PIB desde 2021 en adiante mudou a situación recollida en anteriores edicións deste Boletín tanto para España como para Galicia. Deste xeito, o valor do índice de volume encadeado acadado en Galicia no último trimestre de 2021 xa tería sido superior aos rexistrados no último trimestre previo á pandemia, mentres que isto non tivo sucedido para España ata o último trimestre de 2022. O índice acadou en Galicia no terceiro trimestre de 2023 un valor de 115,30 fronte o valor de 113,21 que se acadou en España.

O avance do PIB galego para o cuarto trimestre de 2023 prevé un incremento do 0,8% en termos intertrimestrais e un incremento do 1,8% en termos interanuais. No que atinxe ao PIB español para o terceiro trimestre de 2023 a previsión é dunha suba do 0,6% en termos intertrimestrais que, en termos interanuais, levaría a variación do PIB de España a un crecemento do 2,0%.

Poboación activa, paro rexistrado, contratación, afiliación media á Seguridade Social

Valores Poboación Activa Galicia-España, 4º Trimestre 2023

	Trimestre actual	Variación trimestre anterior		Variación mesmo trimestre ano anterior	
		Diferenza	Porcentaxe	Diferenza	Porcentaxe
Galicia	1.253,7	-7,9	-0,6	17,8	1,4
España	24.077,4	-43,6	-0,2	589,6	2,5

Fuente: Encuesta de Población Activa - INE (datos en miles)

remate de 2022. Pola súa banda, o incremento da poboación activa en España superou ao galego en máis dun punto porcentual (o 2,5%).

O número de persoas ocupadas en Galicia reduciuse en -5.500 respecto das rexistradas no pasado trimestre (o -0,5%), diminución superior á da media española en catro décimas de punto porcentual, logo de que a ocupación en España caera en -19.000 persoas. Respecto do cuarto trimestre de 2022 producíronse incrementos tanto en Galicia, onde as persoas ocupadas aumentaron en 34.400 (o 3,1%) como en España, onde o fixeron en 783.000 (o 3,8%). Estes datos levan a taxa de ocupación en Galicia no cuarto trimestre de 2023 ata o 48,3%, taxa inferior en tres décimas de punto porcentual á do trimestre anterior e inferior en preto de catro puntos porcentuais á taxa do 52,0% rexistrada en España no mesmo período, co que o diferencial da taxa de ocupación Galicia-España diminuíu en unha décima respecto do trimestre anterior.

Para rematar coa análise da EPA do cuarto trimestre de 2023, e no que atinxe ao número de persoas en paro en Galicia, produciuse un descenso do paro no trimestre de -2.400 persoas, o que supuxo unha redución porcentual do -2,1%, mentres que o número de persoas en paro en España diminuíu no trimestre en -24.600 (redución intertrimestral do -0,9%). Na comparación co sucedido fai catro trimestres, o paro diminuíu en Galicia en termos interanuais en -16.600 persoas, que representan unha diminución do paro do -12,7% nos últimos catro trimestres, porcentaxe moi superior ao descenso en España que foi do -6,4%. Estes datos levan a taxa de paro en Galicia ao 9,1% mentres que a española pasou a ser do 11,8%.

Os Boletins mensuais do paro rexistrado indican que o paro rexistrado no derradeiro trimestre de 2023 reduciuse no 0,9% (1.139 persoas) respecto do terceiro trimestre. Respecto do peche de 2022 rexistrouse unha redución do -8,9% (-12.718 persoas), redución inferior á que se produciu ao remate do trimestre anterior.

(NOTA: Os valores de saldo vexetativo, saldo migratorio e poboación obtense seguindo criterios metodolóxicos que non coinciden con exactitude. A pesar diso inclúense na táboa dado que o grao de diverxencia nos datos móvese no rango do 0,01%.


Tras rexistrar descensos nos anos 2020 e 2021 o incremento de poboación en Galicia no ano 2022 vese confirmado logo de que, segundo os datos definitivos

Así, o *Gráfico 3*, -que amosa a evolución da porcentaxe de variación interanual do paro rexistrado, e no cal os meses dos cuartos trimestres aparecen sinalados na cor canela- indica que o paro rexistrado leva 33 meses consecutivos de redución interanual e que o ritmo desa redución decreceu respecto ao dos trimestre anterior logo de que se mantivese entre o -7% e o -9% mes a mes. Coa excepción dos meses de Setembro e Outubro, cada mes de 2023 amosou unha redución porcentual interanual do paro rexistrado maior ca do mes precedente.

Paro rexistrado en Galicia por xénero e idade. 4º Trimestre 2023

4T23	Mes actual			variación mes anterior			% variación mes anterior			variación mes ano anterior			% variación mes ano anterior		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
TOTAL	133.348	131.168	129.504	2.705	-2.180	-1.664	2,1%	-1,6%	-1,3%	-10.372	-11.590	-12.718	-7,2%	-8,1%	-8,9%
Homes	55.049	54.697	54.711	1.706	-352	14	3,2%	-0,6%	0,0%	-4.463	-4.762	-5.137	-7,5%	-8,0%	-8,6%
Mulleres	78.299	76.471	74.793	999	-1.828	-1.678	1,3%	-2,3%	-2,2%	-5.909	-6.828	-7.581	-7,0%	-8,2%	-9,2%
<30 anos	15.538	15.011	14.308	688	-527	-703	4,6%	-3,4%	-4,7%	-1.093	-1.695	-1.439	-6,6%	-10,1%	-9,1%
entre 30 e 44 anos	37.544	36.864	36.533	571	-680	-331	1,5%	-1,8%	-0,9%	-4.916	-5.041	-5.493	-11,6%	-12,0%	-13,1%
>44 anos	80.266	79.293	78.663	1.446	-973	-630	1,8%	-1,2%	-0,8%	-4.363	-4.854	-6.786	-5,2%	-5,8%	-6,9%
Agricultura e Pesca	4.288	4.363	4.386	162	75	23	3,9%	1,7%	0,5%	-463	-411	-432	-9,7%	-8,6%	-9,0%
Industria	13.232	12.929	13.080	56	-303	151	0,4%	-2,3%	1,2%	-1.784	-1.860	-2.027	-11,9%	-12,6%	-13,4%
Construción	8.796	8.850	8.958	-33	55	108	-0,4%	0,6%	1,2%	-1.076	-1.074	-1.308	-10,9%	-10,8%	-12,7%
Servizos	94.933	93.312	91.675	2.272	-1.621	-1.637	2,5%	-1,7%	-1,8%	-7.210	-7.966	-8.648	-7,1%	-7,9%	-8,6%
Sen emprego anterior	12.100	11.714	11.405	248	-386	-309	2,1%	-3,2%	-2,6%	161	-279	-303	1,3%	-2,3%	-2,6%

Foite: Boletín mensual de paro rexistrado, Consellería de Emprego e Igualdade Xunta de Galicia



rexistrado coa excepción do mes de Decembro no grupo de menor idade. A maior redución rexistrouse entre as persoas de entre 30 e 44 anos, que pecharon 2023 cunha diminución superior ao -13%, porcentaxe que case duplica á redución rexistrada entre as persoas de 45 ou máis anos. Porén, o grupo de persoas de maior idade é o único no que a redución do paro rexistrado en termos interanuais foi maior que a redución interanual rexistrada fai tres meses.

A evolución dos distintos sectores de actividade foi moi dispar mes a mes durante cada mes do cuarto trimestre; así, o paro rexistrado na construción reduciuse en Outubro, único mes no que o paro rexistrado medrou, e aumentou nos outros dous meses do trimestre pese a que neles o paro rexistrado diminuíu. O sector servizos, que pecha o ano 2023 con máis do 70% do total de persoas rexistradas como paradas, marcou decisivamente a tendencia global do paro rexistrado, de xeito que en termos porcentuais o paro aumentou neste sector por riba da media en Outubro e diminuíu por riba da media en Novembro e Decembro. Con todo, mes a mes o sector con maior aumento do paro en Outubro foi o primario, mentres que o grupo no que máis se reduciu en Novembro e Decembro foi entre as persoas sen emprego anterior. Ao analizar a evolución por sectores en termos interanuais, o mellor comportamento tivo o sector industrial seguido da construción, os dous con reducións de dos díxitos no paro rexistrado interanual para cada mes do trimestre, mentres que o peor comportamento en termos interanuais tivo o grupo de persoas sen emprego anterior, cunha redución interanual ao remate de 2023 de tan só o -2,6% e que en Outubro mesmo amosaba un incremento das persoas rexistradas como paradas respecto do que aconteceu doce meses atrás.

Datos de contratación en Galicia por xénero, idade, tipo de contrato e sector. 4º Trimestre 2023

	Trimestre actual	Var. trimestre anterior	% Var. trimestre anterior	Var. trimestre ano anterior	% Var. trimestre ano anterior
4T2023	170.494	-40.147	-19,1%	-14.926	-8,0%
Homes	85.112	-24.794	-22,6%	-7.769	-8,4%
Mulleres	85.382	-15.353	-15,2%	-7.157	-7,7%
<30 anos	57.304	-21.798	-27,6%	-2.480	-4,1%
entre 30 e 44 anos	62.756	-10.368	-14,2%	-8.958	-12,5%
>44 anos	50.434	-7.981	-13,7%	-3.488	-6,5%
Indefinido	52.952	-7.755	-12,8%	-7.784	-12,8%
Temporal	114.409	-33.233	-22,5%	-3.349	-2,8%
Prácticas / Formación	2.822	1.449	105,5%	-1.608	-36,3%
Outros	311	-608	-66,2%	-2.185	-87,5%
Agricultura e Pesca	4.911	-4.929	-50,1%	-431	-8,1%
Industria	24.873	-3.571	-12,6%	-3.932	-13,7%
Construción	5.662	-1.764	-23,8%	-995	-14,9%
Servizos	135.048	-29.883	-18,1%	-9.568	-6,6%

Foite: Boletín Mensual de Contratación, Consellería de Emprego e Igualdade

Con respecto á distribución por sexos dos novos contratos, no cuarto trimestre de 2023 estes se repartiron ao 50% entre homes e mulleres. Isto supuxo unha redución dos novos contratos a homes de preto do -23% mentres que os das mulleres o fixeron en pouco máis do -15%. En comparación cos datos do cuarto trimestre de 2022 a redución de novos contratos asinados foi maior entre os homes fronte aos das mulleres en apenas 600 novos contratos.

Por rangos de idade a redución da nova contratación foi especialmente máis intensa entre as persoas menores de 30 anos, para quen a nova contratación reduciuse o dobre do que o fixo para as outras dúas categorías en termos porcentuais e en máis que na suma total das outras categorías en termos absolutos. Porén, na evolución comparada entre cuartos trimestres o grupo de persoas menores de 30 anos foi o que tivo peor evolución, logo de que o descenso na contratación para estas persoas fose catro puntos porcentuais menos acusado que a media. O grupo de persoas traballadoras de maior idade foi no que menos se reduciu a contratación en termos porcentuais respecto do pasado trimestre. Na comparación co que sucedeu no cuarto trimestre de 2022, o grupo de traballadores de idade intermedia foi o único no que a contratación se reduciu por riba da media.

Aínda que rexistráronse reducións na nova contratación para todos os sectores e períodos de referencia, a análise da contratación por sectores recolle variacións importantes entre eles: a Industria foi o sector con mellor comportamento respecto do terceiro trimestre, cunha redución da contratación inferior en 6,5 puntos porcentuais á redución media. A outra faciana da moeda amosouna o sector primario, no cal a contratación diminuíu máis da metade respecto do trimestre pasado. Respecto do cuarto trimestre de 2022 o sector servizos -que supuxo preto do 80% dos novos contratos asinados neste trimestre- foi o único no que a redución na nova contratación ficou por baixo da redución media. No sector agrícola-pesquero o incremento sobre a media foi de apenas unha décima, e na industria e na construción a nova contratación caeu en case -6 e -7 puntos porcentuais respectivamente.

Para rematar co análise da contratación, e atendendo ao tipo de contrato asinado, todos os tipos viron o seu número diminuír respecto do trimestre anterior excepto os de prácticas/formación, que se duplicaron respecto do trimestre anterior. Os novos contratos indefinidos foron os únicos que se reduciron por baixo

Por sexos, o trimestre péchase cunha redución na diferenza entre o número de mulleres rexistradas como paradas respecto do de homes de preto de 3.900 persoas, diferenza que en termos absolutos pasa de case 24.000 a pouco máis de 20.000. En termos porcentuais isto supón a redución na porcentaxe total de mulleres no conxunto de persoas rexistradas como paradas, que fica no 57,8% fronte ao 59,2% co que se pechou o pasado trimestre. Respecto do remate de 2022 esa diminución é apenas perceptible, logo de que o ano 2022 se pechara cunha porcentaxe de mulleres rexistradas como paradas do 57,9%.

Ao remate do cuarto trimestre o paro rexistrado para cada grupo de idade foi inferior ao rexistrado tres meses atrás. En cada grupo o paro rexistrado aumentou en Outubro e diminuíu en Novembro e Decembro. Trátase de reducións cativas, que fican preto do -4% para o grupo de menor idade e de apenas o -0,1% entre o de maior idade. O mes de Decembro foi o mes de maior redución do paro rexistrado entre menores de 30 anos, mentres que para as persoas que superan esa idade a redución foi maior en Novembro. Se pasamos a comparar co que aconteceu no cuarto trimestre de 2022 a evolución mes a mes foi de aceleración cativa pero constante no descenso interanual do paro

No que atinxe á **contratación**, e logo de que o Real Decreto-Lei 32/2021 tivese nun primeiro momento un gran impacto a través da aplicación das novas modalidades de contratación, de xeito sobranceiro a través da chegada dos novos contratos fixos discontinuos que provocou un importante aumento da contratación indefinida e unha redución paralela da contratación temporal e dos cualificados como Outros, logo de transcorridos dous anos dito impacto está xa a verse matizado na serie de datos.


As edicións do *Boletín mensual da contratación* para os tres derradeiros meses de 2023 indican que se asinaron un total de 170.494 novos contratos, que supoñen unha diminución da contratación respecto do trimestre previo próxima ao -20%. En termos interanuais a contratación reduciuse por riba do -8%, porcentaxe inferior en máis de catro puntos á redución interanual no terceiro trimestre. Este é o sétimo trimestre consecutivo no que diminúe a contratación en termos interanuais.

da redución media, ao facelo tan só no -12,8%. En comparación co acontecido fai catro trimestres, e tal e como xa sucedera na mesma comparación realizada tres meses atrás, existe unha grande diverxencia entre a redución na nova contratación temporal, que diminuíu en menos dun 3% respecto do cuarto trimestre de 2022 , e na indefinida, que viu reducida en dez puntos porcentuais máis que a temporal. Os contratos de prácticas/formación e os denominados Outros, tipos de contrato moito menos numerosos, reducíronse en porcentaxes de máis do -36% e do -87% respectivamente.

	Afluencia media mensual 4º trimestre 2023 Galicia-España			Varia cións											
				mes anterior						interanual					
				absoluta			relativa			absoluta			relativa		
	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro	outubro	novembro	decembro
Galicia	1.067.853	1.063.566	1.062.283	-3.259	-4.287	-1.283	-0,30%	-0,40%	-0,12%	19.153	15.958	20.020	1,83%	1,52%	1,92%
España	20.817.657	20.806.074	20.836.010	92.862	-11.583	29.936	0,45%	-0,06%	0,14%	533.871	522.443	539.740	2,63%	2,58%	2,66%

Fuente: ICE Informe de afiliación a Seguridad Social (segundo datos do Ministerio de Empleo e Seguridad Social)

A **afiliación media** en Galicia pecha o cuarto trimestre de 2023 cunha redución no número de afiliacións superior ás -8.800 persoas (-0,8%) respecto das rexistradas no terceiro trimestre do ano, redución que se mantivo para cada mes do trimestre, aínda que en Decembro foi menos intensa que nos dous meses anteriores, en contra do que ven sendo habitual para este trimestre en anos precedentes. Pola súa banda, a afiliación aumentou en España en máis de -111.000 persoas (o 0,5), logo de que as subas na afiliación media rexistradas en Outubro e Decembro compensasen o descenso producido en Novembro.



O **Gráfico 4** recolle a variación porcentual mes a mes da afiliación media en termos interanuais. Pódese apreciar como a afiliación media segue a incrementarse en Galicia en termos interanuais e acadou 33 meses consecutivos de crecemento. A lixeira diminución na porcentaxe de incremento da afiliación media que se observara no pasado Setembro continuou e mesmo acelerouse nos meses de Outubro e Novembro, mes no que o incremento da afiliación media ficou en preto do 1,5%, se ben no último mes de 2023 esa porcentaxe foi a maior do trimestre logo de medrar por riba do 1,9%, preto dos máximos porcentuais de incremento interanuais para 2023 que se rexistraran en Agosto. A variación interanual da afiliación media en España segue a medrar mes a mes en porcentaxes que se moveron no entorno do 2,6%, o que fixo que o diferencial da taxa de incremento interanual entre Galicia e España, que ficara preto dos 0,6 puntos porcentuais no terceiro trimestre, pechase 2023 en 0,74 puntos.

Sinistralidade

Accidentes con baixa en xornada laboral por sectores de actividade en Galicia (Xaneiro-Setembro 2022/2023)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	889	854	-3,9	27	20	-25,9	1	6	500,0	917	880	-4,0
Pesca	491	490	-0,2	22	22	0,0	23	3	-87,0	536	515	-3,9
Industria	4.892	5.254	7,4	49	40	-18,4	7	7	0,0	4.948	5.301	7,1
Construción	2.943	3.126	6,2	78	79	1,3	7	7	0,0	3.028	3.212	6,1
Servizos	9.483	10.288	8,3	113	108	-4,4	14	14	0,0	9.610	10.390	8,1
Total	18.698	19.992	6,9	289	269	-6,9	52	37	-28,8	19.039	20.298	6,6

Fuente: Consellería de Empleo e Igualdade. ISSGA.

Índice de incidencia por sectores de actividade e gravidade. Galicia (Xaneiro-Setembro 2022/2023)

	Leves			Graves			Mortais			Totais		
	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var	2022	2023	% Var
Agricultura	2.616,3	2.574,9	-1,6	79,5	60,3	-24,1	2,9	18,1	515,3	2.698,7	2.653,2	-1,7
Pesca	2.832,8	2.869,9	1,3	126,9	128,9	1,5	132,7	17,6	-86,8	3.092,4	3.016,3	-2,5
Industria	3.366,0	3.582,5	6,4	33,7	27,3	-19,1	4,8	4,8	-1,0	3.404,5	3.614,6	6,2
Construción	3.719,3	3.883,4	4,4	98,6	98,1	-0,4	8,9	8,7	-1,7	3.826,8	3.990,3	4,3
Servizos	1.262,9	1.361,1	7,8	15,1	14,3	-4,9	1,9	1,9	0,0	1.279,8	1.377,2	7,6
Total	1.821,3	1.937,6	6,4	28,2	26,1	-7,4	5,1	3,6	-29,2	1.854,5	1.967,2	6,1

Fuente: Consellería de Empleo e Igualdade. ISSGA.

porcentual de accidentes. Se atendemos aos índices de incidencia por sectores de actividade, tan só na pesca se produciron reducións da sinistralidade,

Conflitividade

Folgas realizadas, persoas traballadoras participantes e xornadas non traballadas Galicia-España (Xaneiro-Outubro 2023)

	Folgas		Persoas traballadoras participantes		Xornadas non traballadas	
	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior	Valores absolutos	Variación sobre o mesmo período do ano anterior
Galicia	27	-7	12.335	3.267	19.597	-19.617
España	641	67	238.676	93.768	801.238	324.385

Estadística de huelgas y cierres patronales. Ministerio de Trabajo e Economía Social

(datos provisionais - non inclúen folgas xerais)

nesa mesma porcentaxe. Porén, ese incremento no número de persoas traballadoras en folga non se viu acompañado dun aumento no número de xornadas non traballadas, xa que se reduciron á metade respecto das non traballadas nos dez primeiros meses de 2022. Os valores en España para os tres parámetros analizados indican un incremento da conflitividade maior: así, o número de folgas medrou nun 12% e o número de persoas traballadoras participantes nelas o fixo no 65%, mentres que as xornadas non traballadas medraron aínda máis ao acadar un incremento do 68% fronte ao período de xaneiro a outubro de 2022.

Expedientes de Regulación de Empleo

Número de persoas traballadoras afectadas por expedientes de regulación de emprego. Galicia-España Xaneiro-Outubro 2022-2023

	TOTAL		DESPEIDEMENTOS COLECTIVOS				SUSPENSIÓN DE CONTRATOS				REDUCCIÓN DE JORNADAS			
	Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior		Variación respecto ano anterior	
	Valores absolutos	En %	Valores absolutos	En %	Valores absolutos	En %	Valores absolutos	En %	Valores absolutos	En %	Valores absolutos	En %	Valores absolutos	En %
Galicia	12.723	-4.459	-26%	1.159	391	51%	11.134	-4.252	-28%	429	-598	-58%		
España	145.967	-103.763	-42%	27.430	8.254	43%	110.847	-88.040	-44%	7.390	-23.977	-76%		

Estadística de expedientes de regulación de empleo. Ministerio de Trabajo e Economía Social
(Elaboración propia a partir dos datos mensuais facilitados polo Ministerio de Trabajo e Economía Social, ao non estar dispoñibles os acumulados)

Os datos ata Outubro da *Estadística de expedientes de regulación de empleo* publicada polo Ministerio de Trabajo e Economía Social amosan unha diminución importante (-26%) no número de persoas traballadoras en ERE nos distintos tipos de expediente en Galicia, aínda que máis cativa da rexistrada en España, onde acadou o -44%.

Se atendemos á evolución dos ERE por tipo de expediente advírtese que, en contra da tendencia principal sinalada, os despedimentos colectivos aumentaron con forza en Galicia (o 51%) e en España (o 43%) e foron polo tanto os ERE de redución de xornadas (-58% en Galicia e -76% en España) e, sobre todo, os de suspensión de contratos -por ser estes últimos os que afectan á meirande parte dos traballadores en ERE- os principais responsables da diminución de persoas traballadoras afectadas por este expedientes.

Custos laborais e salariais

Custos laborais e salariais. Galicia. 2017-2023

	Custo laboral por persoa traballadora e mes		Custo laboral por hora efectiva		Custo salarial por persoa traballadora e mes		Custo salarial por hora efectiva	
	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.	Euros	% var. int.
2017	2.288,9	1,8	17,7	1,4	1.687,4	1,4	13,0	1,6
2018	2.313,2	1,1	17,9	1,3	1.711,5	1,4	13,1	0,8
2019	2.403,1	3,9	18,7	4,2	1.812,2	5,9	13,7	4,6
2020	2.361,9	-1,7	19,6	4,8	1.738,8	-4,1	14,3	4,4
2021	2.476,7	4,9	19,6	0,1	1.823,0	4,8	14,5	0,0
2022	2.551,1	3,0	19,8	1,0	1.888,8	3,6	14,7	1,7
1T17	2.209,8	0,3	16,1	-4,2	1.610,0	0,9	11,7	-3,6
2T17	2.259,7	1,2	17,1	4,3	1.662,6	1,3	12,6	4,4
3T17	2.258,4	2,0	18,4	2,3	1.651,6	1,7	13,4	2,0
4T17	2.427,6	3,6	19,0	3,8	1.825,5	3,8	14,3	4,0
1T18	2.245,6	1,6	17,0	5,4	1.630,8	1,3	12,3	5,0
2T18	2.301,9	1,9	17,0	5,4	1.699,6	2,2	12,4	-0,9
3T18	2.287,6	1,3	18,6	1,1	1.699,6	0,9	13,5	0,7
4T18	2.417,6	-0,4	19,0	-0,4	1.815,9	-0,5	14,2	-0,5
1T19	2.318,0	3,2	17,3	1,8	1.863,0	3,2	12,4	1,8
2T19	2.400,3	4,3	18,4	7,0	1.777,0	4,6	13,6	9,6
3T19	2.360,5	2,8	19,2	3,7	1.712,7	2,8	14,0	3,7
4T19	2.533,5	4,8	19,8	4,2	1.896,2	4,4	14,8	3,9
1T20	2.324,5	0,3	18,0	4,0	1.693,3	1,8	13,1	5,6
2T20	2.264,8	-5,6	20,6	11,9	1.668,8	-6,1	15,2	11,4
3T20	2.307,8	-1,8	19,3	0,3	1.693,4	-1,1	14,2	1,0
4T20	2.550,5	0,7	20,4	3,3	1.899,9	0,2	15,2	2,8
1T21	2.324,3	0,0	18,4	2,3	1.690,7	-0,2	13,4	2,1
2T21	2.495,4	10,2	19,5	-5,4	1.853,0	11,0	14,5	-4,7
3T21	2.422,3	5	19,5	0,9	1.765,0	4,2	14,2	0,1
4T21	2.664,8	4,5	21,1	3,4	1.983,4	4,4	15,7	3,4
1T22	2.427,5	4,4	18,3	-0,5	1.765,3	4,4	13,3	-0,5
2T22	2.573,7	3,1	19,7	1,1	1.918,9	3,6	14,7	1,5
3T22	2.497,3	3,1	20,2	3,6	1.835,1	-1,0	14,8	4,3
4T22	2.706,4	1,6	21,1	0,1	2.036,0	2,7	15,9	1,3
1T23	2.556,1	5,3	19,0	4,0	1.846,2	4,7	13,8	3,4
2T23	2.686,9	4,4	20,5	4,2	1.964,9	2,4	15,0	2,2
3T23	2.618,8	4,9	21,1	4,5	1.901,2	3,6	15,3	3,3

Fonte: INE (Encuesta trimestral de coste laboral)

de España medraron tamén, e en porcentaxes superiores (o 5,5% os custos laborais, e o 4,8% no caso dos custos salariais). Deste xeito os incrementos porcentuais dos custos por hora efectiva, tanto laborais como salariais, fican por baixo dos incrementos porcentuais rexistrados por persoa traballadora e mes en Galicia, pero non en España.

Sociedades constituídas, disolvidas e ampliacións de capital

Sociedades mercantís creadas ou que amplían capital, 4º Trimestre 2023

	Dato do trimestre		Var. absoluta núm. sociedades constituídas respecto ao trimestre pasado	% variación de capital respecto ao trimestre pasado	Var. absoluta núm. sociedades respecto mesmo trimestre do ano pasado	% variación de capital respecto ao mesmo trimestre do ano pasado
	Núm. sociedades	Capital (miles €)				
Sociedades constituídas	905	37.139,7	92	52,3%	48	72,2%
Sociedades que ampliaron capital	234	86.697,4	22	-20,7%	-10	-5,1%

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

aínda superior respecto do invertido fai catro trimestres a pesares de que o número de empresas constituídas foi menor.

O número de sociedades que ampliaron capital tamén medrou respecto do terceiro trimestre e fíxoo nunha porcentaxe similar (o 10%) ao do número de sociedades constituídas. Respecto do cuarto trimestre de 2022 o número de sociedades que ampliaron capital se viu reducido, neste caso en no -4%. Se atendemos ao capital ampliado este reduciuse con respecto dos trimestres de referencia logo de que diminuíra respecto do terceiro trimestre en máis dun -20%, e nun -5% respecto do derradeiro trimestre de 2022.

Sociedades mercantís disolvidas, que reducen capital ou en situación concursal, 4º Trimestre 2023

	4T23	3T23	4T22
Sociedades disolvidas	364	205	417
Sociedades que reducen capital	67	59	62
Sociedades en situación concursal	71	54	74

Fonte: IGE, a partir de datos do Boletín Oficial do Rexistro Mercantil (BORME)

de empresas, tres máis que no trimestre anterior e catro máis que no carto trimestre do pasado ano, mentres que os procesos de fusión fícaron en 17 fronte aos 11 do segundo trimestre do ano e os 23 de fai catro trimestres.

Logo de dous trimestres con importantes reducións no número de empresas disolvidas, estas aumentaron no cuarto trimestre por riba do 52% respecto do terceiro. Con todo, respecto do acontecido no cuarto trimestre de 2022 o número de empresas disolvidas se reduciu en preto do -13%. Pola súa banda, as sociedades que reduciron capital aumentaron respecto do terceiro trimestre de 2023 en máis do 13% e tamén o fixeron respecto do que sucedeu fai catro trimestres, aínda que nunha porcentaxe inferior (o 8%).

Para rematar coa análise das sociedades mercantís, o número de empresas que foron a concurso de acredores aumentou por riba do 31% respecto do trimestre anterior pero diminuíu nun 4% en comparación co que acontecera no derradeiro trimestre de 2022. Rexistráronse seis procesos de escisión

Actividade do Consello Galego de Relacións Laborais

Unha vez rematado o ano 2023, e dentro da súa función consultiva, a Comisión Delegada de Ditames emitiu 54 ditames sobre normativa laboral autonómica, sete máis dos emitidos durante o ano 2022.

Polo que atinxe á súa función de apoio á negociación colectiva a través da xestión de procedementos de solución extraxudicial de conflitos colectivos de traballo, dicir que durante 2023 tiveron entrada no AGA 164 solicitudes de expedientes de mediación ou arbitraje, 23 máis das que foron recibidas no 2022, o que supón o terceiro máximo histórico consecutivo nos últimos tres anos. Entre as 104 mediacións e arbitrxes aceptadas polas partes e rematadas ao longo do período sinalado (34 máis que en 2022), a porcentaxe delas que finalizaron con acordo ficou no 69,2%.

Así mesmo, durante 2023 proseguíu a actividade de mesas negociadoras e comisións paritarias de sector nas que o Consello proporciona apoio e asistencia, de xeito que ao remate do ano tiveron lugar na sede do Consello 62 xuntanzas que afectaron a 13 Convenios colectivos de sector. De entre estas mesas negociadoras asináronse en 2023 a prórroga do Convenio do sector de Pompas Fúnebres de Galicia e os novos convenios para o sectores seguintes:

- Centros Especiais de Emprego de Galicia
- Empresas Organizadoras do Xogo do Bingo de Galicia
- Eventos e Producións Culturais de Galicia
- Transporte de Enfermos e Accidentados en Ambulancia de Galicia
- Instalacións Deportivas e Ximnasios de Galicia.

Pode consultar información máis específica da situación da negociación colectiva galega no Boletín da Negociación Colectiva deste Consello:

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/negociacion/boletin-do-observatorio-de-negociacion-colectiva/>

Consello Galego de Relacións Laborais

<https://www.cgri.gal/publicacions-2/sociolaboral/boletins/>

Algalia de Abaixo, 24 - 15781 Santiago de Compostela

Teléfono 981 541 607 - Fax 981 541 610

